



CIRCULAR 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

Na Comunidade Autónoma de Galicia tense regulamentado e implantado, nos diferentes centros educativos, unha serie de medidas de atención á diversidade dirixidas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo e para evitar o abandono escolar. Porén, debido a que o clima escolar mudou moito nos últimos anos, principalmente na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria, consideramos oportuno poñer en marcha novas medidas que complementen as xa existentes nesta etapa, coa finalidade de favorecer a xestión da aula por parte do profesorado e lograr o ambiente máis apropiado para o ensino e a aprendizaxe, na procura do principal obxectivo do sistema educativo de Galicia: facer efectiva unha educación e unha formación de calidade para todo o alumnado.

As novas medidas van dirixidas, por unha parte, ao alumnado dos dous primeiros cursos da etapa de Educación Secundaria Obrigatoria, coa finalidade de reforzar as áreas instrumentais básicas -linguas e matemáticas- daqueles que acceden desde a Educación Primaria ou que xa están a cursar a Educación Secundaria Obrigatoria e con importantes déficits formativos; tentando, tamén, favorecer as aprendizaxes nas diferentes materias a través de programas de recuperación e de programas específicos personalizados. E, por outra parte, atender a aquel alumnado que, pola súa conduta disruptiva reiterada, impide o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase.

Para a aplicación destas medidas -tendentes a mellorar o rendemento académico e o comportamento dos alumnos e das alumnas e compatibles coas derivadas do Programa de reforzo, orientación e apoio (PROA)- é necesario que a dirección do centro educativo, no marco da participación e autonomía que se contempla na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, estableza procedementos de actuación, de xeito que, cunha boa organización dos espazos do centro, a implicación do profesorado, a oportuna relación coas familias e a intervención directa dos orientadores e das orientadoras, sexa posible mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe, os resultados académicos e o clima de traballo nos centros educativos.

En consecuencia, esta Dirección Xeral dita as seguintes instrucións:

Primeira. Os centros educativos disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión da atención á diversidade no marco da lexislación vixente, de acordo á dispoñibilidade horaria do seu profesorado, segundo as necesidades do seu alumnado e nos termos recollidos na presente Circular.

Segunda. Todas as medidas de atención á diversidade establecidas na normativa vixente, que se relaciona no Anexo da presente Circular, e adoptadas polos centros educativos, estarán encamiñadas ao logro das competencias básicas e dos obxectivos xerais da etapa, e serán de carácter flexible. O alumnado afectado terá,



en todo caso, un grupo de referencia, ao que se reintegrará na totalidade do horario cando as circunstancias así o aconsellen.

Terceira. Os centros educativos establecerán os criterios, procedementos e condicións para que un alumno ou alumna sexa obxecto dalgunha das medidas de atención á diversidade reguladas na presente Circular; medidas que serán informadas polo Claustro do Profesorado.

Cuarta. Para o profesorado que non teña o seu horario lectivo completo, a atención á diversidade será actividade prioritaria sobre calquera outra das establecidas na *Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes* (DOG do 24 de xullo de 2007).

Quinta. Establécense as medidas de atención á diversidade seguintes:

A) Programas para o alumnado de 1º e 2º cursos da Educación Secundaria Obrigatoria con atribución horaria:

1. Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas (Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas):

1.1. O alumnado de 1º curso que accedese á Educación Secundaria Obrigatoria por imperativo legal, aquel que repita 1º curso, aquel que promocionase a 2º curso sen superar todas ou algunha das áreas instrumentais ou aquel que repita 2º curso, poderá seguir un programa de reforzo con atribución horaria.

1.2. Os programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas estarán baseados nos mínimos esixibles das áreas de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas para o curso que corresponda, e suporán a atención personalizada para lograr o grao de dominio suficiente expresado nos ditos mínimos.

1.3. O alumnado de 1º e de 2º cursos da Educación Secundaria Obrigatoria que curse os programas de reforzo de áreas instrumentais básicas quedará exento de cursar a materia de Lingua Estranxeira, nos termos recollidos no artigo 5º.f) da *Orde de 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG do 12 de setembro de 2007 e corrección de erros no DOG do 24 de setembro de 2007).

1.4. Para a avaliación do alumnado que participe nestes programas, os departamentos didácticos establecerán, na súa programación, o procedemento para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso correspondente.

1.5. *Profesorado.* A impartición das Linguas Galega e Castelá corresponderalle, preferentemente, ao profesorado dos Departamentos de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Inglés, Francés, outra lingua estranxeira, Latín e Grego; a impartición da área de Matemáticas corresponderalle, preferentemente, ao



profesorado dos Departamentos de Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía.

2. Programas de recuperación:

2.1. No suposto do alumnado que promocióne a 2º curso coas áreas instrumentais superadas e con outras materias suspensas, cando o departamento correspondente conte con profesorado que non teña o seu horario lectivo completo, poderase establecer un programa para a recuperación das aprendizaxes das ditas materias.

2.2. As ensinanzas do programa de recuperación de materias pendentes estarán baseadas nos mínimos esixibles do curso correspondente e a súa avaliación corresponderalle ao profesorado que imparta o dito programa.

2.3. O alumnado que curse os programas de recuperación poderá quedar exento de cursar a materia de lingua estranxeira, nos termos recollidos no artigo 5º.f) da *Orde de 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG do 12 de setembro de 2007 e corrección de erros no DOG do 24 de setembro de 2007).

B) Programas para todo o alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria:

1. Programas específicos personalizados:

1.1. O alumnado repetidor de 1º e de 2º cursos seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo seu profesorado titor do curso anterior no Informe de avaliación final, establecido no artigo 14º da *Orde do 21 de decembro de 2007, pola que se regula a avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*. (DOG do 7 de xaneiro de 2008) e considerando a información obtida no proceso da avaliación inicial, segundo o establecido no artigo 4º da orde anteriormente citada. Este programa será elaborado polo departamento da área ou materia correspondente e deberá incluír actividades de aprendizaxe para realizar semanalmente.

1.2. Os programas específicos personalizados deberán contemplar, ademais, a posible incorporación do alumnado a un programa de reforzo de áreas instrumentais básicas ou de recuperación doutras áreas se estes programas forman parte da oferta do centro para a atención á diversidade. Cando un alumno ou alumna asista a un programa de reforzo nunha área determinada poderá quedar eximido da realización do programa específico personalizado na dita área

1.3. O alumnado repetidor de 3º e de 4º cursos seguirá un programa específico personalizado nas mesmas condicións có alumnado de 1º e 2º cursos, agás a súa incorporación aos programas de reforzo ou de recuperación.

1.4. *Profesorado*. Corresponderalle ao profesorado que imparta cada área ou materia facer o seguimento de cada alumno ou alumna na realización das tarefas



propostas polo departamento correspondente e comunicarllo ao profesorado titor, quen, coa frecuencia e segundo o procedemento establecido, deberá facelo chegar ás familias, para o seu coñecemento e colaboración.

2. Aulas de Atención Educativa e Convivencia:

2.1. Os centros poderán establecer aulas de atención educativa e convivencia para a atención á diversidade.

2.2. As aulas de atención educativa e convivencia son aquelas establecidas para atender ao alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase. Nelas, este alumnado, baixo a responsabilidade do profesorado de garda na dita aula, realizará tarefas específicas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso do que proceda.

2.3. Ningún alumno ou alumna poderá ser derivado a unha aula de atención educativa e convivencia sen actividades ou tarefas para realizar durante a súa permanencia nela. Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esta aula establecer as tarefas que cada alumno ou alumna deba realizar, corrixilas e avalialas.

2.4. Os pais, nais ou titores legais do alumnado remitido á aula de atención educativa e convivencia deberán ser informados, segundo o procedemento que se estableza pola xefatura de estudos, cada vez que os seus fillos ou fillas asistan á referida aula, indicándoselles a incidencia que o motivou.

2.5. *Profesorado.* Para atender estas aulas, a xefatura de estudos establecerá gardas específicas nas que considerará a todo o profesorado do centro.

Sexta. Alumnado procedente do estranxeiro:

1. A determinación das necesidades de cada alumno ou alumna procedente do estranxeiro farase a través da avaliación inicial que se debe realizar con carácter xeral no momento da incorporación ao sistema educativo, segundo o establecido nos artigos 13º e 17º da *Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais* (DOG do 30 de xaneiro de 2003).

2. Os centros poderán organizar grupos de adquisición das linguas e/ou de adaptación da competencia curricular nas condicións establecidas nas seccións segunda e terceira da *Orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro* (DOG do 26 de febreiro de 2004). Cando tales grupos non poidan ser conformados, este alumnado deberá incorporarse ás medidas de atención á diversidade que cada centro poña en marcha, logo do informe da xefatura do Departamento de



Orientación, quen propondrá a incorporación a aquelas medidas que resulten máis adecuadas para cada alumno ou alumna.

3. Todo o alumnado procedente do estranxeiro que se atope nunha situación de desfase curricular e/ou de descoñecemento de calquera das linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma deberá seguir un programa específico personalizado ata que o progreso na súa competencia curricular así o aconselle. É responsabilidade do Departamento que corresponda elaborar cada programa específico personalizado, en función das necesidades determinadas pola avaliación inicial de cada alumno ou alumna. O seguimento do progreso do alumnado será responsabilidade do profesorado que imparta a área no curso no que cada alumno ou alumna estea matriculado.

Sétima. Relación coas familias:

A relación centro educativo-familias debe estar baseada nunha actitude de responsabilidade complementaria na tarefa de educar ao alumnado. En consecuencia:

1. En calendario establecido pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, os centros facilitarán orientacións ás familias do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria para lograr a súa colaboración no seguimento da realización das tarefas escolares e na modificación de condutas disruptivas.

2. Os centros elaborarán e utilizarán instrumentos para o seguimento de comportamentos disruptivos e para o control da realización de tarefas escolares na aula e na casa. Os resultados do dito seguimento, no caso do alumnado que non responda adecuadamente ás accións programadas polo centro, serán comunicados semanalmente, por parte do profesorado titor, aos pais e nais ou titores legais do alumnado, para o seu coñecemento e efectos.

3. As faltas de asistencia serán dadas a coñecer aos pais e nais ou titores legais coa maior inmediatez posible.

Oitava. Departamento de orientación:

En relación coas instrucións da presente Circular, correspóndelle á xefatura do Departamento de Orientación:

1. Elaborar un programa básico de habilidades sociais, que contemple, ademais, actuacións para o desenvolvemento cognitivo, para o autoconhecimento e a mellora da autoestima; programa que se incorporará ao plan de acción titorial, de tal xeito que todo o alumnado utilice ou incorpore estratexias para comunicarse e enfrontar adecuadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social.



2. Para o cumprimento do establecido no artigo 5º.f) da *Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998* (DOG do 31 de xullo de 1998), elaborar e desenvolver un programa de habilidades sociais para o alumnado que sexa remitido reiteradamente á aula de atención educativa e convivencia, coa finalidade de corrixir condutas disruptivas e mellorar a integración no centro educativo.

3. Seguindo a normativa citada no epígrafe anterior, elaborar e desenvolver un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que sexa sancionado con suspensión do dereito de asistencia ao centro, en aplicación do establecido no *Real Decreto 732/1995, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros*. O dito programa desenvolverase nas condicións horarias que aconselle a mellor reincorporación do alumnado ás actividades lectivas.

4. En colaboración co profesorado titor e cos servizos existentes no contorno, propor estratexias e ámbitos de colaboración ao profesorado e ás familias do alumnado con condutas disruptivas, para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do seu proceso educativo e facer o seguimento da efectividade das accións propostas.

Novena. Avaliación das medidas de atención á diversidade:

Os centros avaliarán o desenvolvemento das medidas de atención á diversidade que leven a cabo e incluírán os seus resultados na memoria final de curso, o que servirá para definir os pasos de mellora a seguir no curso académico seguinte.

Décima. Inspección educativa:


Correspóndelle á inspección educativa controlar e supervisar o adecuado desenvolvemento das medidas de atención á diversidade establecidas na presente Circular, considerando, en todo caso, a utilización apropiada dos recursos humanos; así como identificar experiencias e boas prácticas para, finalmente, informar da efectividade das medidas adoptadas para atender á diversidade.

Undécima. Formación:

Os Centros de Formación e Recursos organizarán actividades de formación que permitan ao profesorado coñecer e dar a coñecer experiencias e boas prácticas no ámbito das medidas de atención á diversidade.

Santiago, 08 de setembro de 2009.

O DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E
INNOVACIÓN EDUCATIVA



Mano de José Luis Mira Lema

Asíno: José Luis Mira Lema.

**ANEXO****Medidas de atención á diversidade reguladas na Comunidade Autónoma de Galicia**

<ul style="list-style-type: none">▪ Adaptacións curriculares que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación.▪ Reforzo educativo.	Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG do 7 de novembro de 1995).
<ul style="list-style-type: none">▪ Desdobramentos 1h/semana na área de Ciencias da Natureza e as materias de Física, Química, Bioloxía e Xeoloxía e da Lingua	Orde do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de Educación Secundaria e se establece a súa organización e funcionamento (DOG do 02-09-97).
<ul style="list-style-type: none">▪ Agrupamentos flexibles.▪ Fragmentación dos cursos de terceiro e cuarto de educación secundaria obrigatoria.▪ Flexibilización da idade de permanencia na etapa para o alumnado con NEE.	Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOG do 30 de xaneiro de 2003) Circular nº 9/1999 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional.
<ul style="list-style-type: none">▪ Grupos de adquisición das linguas.▪ Grupos de adaptación da competencia curricular.	Orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26 de febreiro de 2004).
<ul style="list-style-type: none">▪ Enriquecemento, engadindo ou cambiando a dificultade dalgún dos contidos, no caso de alumnado con altas capacidades.▪ Flexibilización da idade de permanencia na etapa.	Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (DOG do 28 de novembro de 1996).
<ul style="list-style-type: none">▪ Desdobramentos en Linguas e Matemáticas.▪ Reforzo educativo nas áreas instrumentais (Linguas Castelá e Galega e Matemáticas).	Orde do 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, (DOG do 12 de setembro de 2007).
<ul style="list-style-type: none">▪ Materias optativas.	Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 13 de xullo de 2007).
<ul style="list-style-type: none">▪ Programas de Diversificación Curricular (PDC).	Orde do 30 de xullo de 2007, pola que se regulan os programas de diversificación curricular na Educación Secundaria Obrigatoria (DOG do 21 de agosto de 2007).
<ul style="list-style-type: none">▪ Programas de Cualificación Profesional inicial (PCPI).	Orde do 13 de maio de 2008, pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de maio de 2008).